



**Concello de Vigo**

Secretaría do Goberno Local  
Expte. 792/1102

**ASUNTOS PARA INCLUIR NA SESIÓN EXTRAORDINARIA E  
URXENTE DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO  
24 DE MARZO DE 2020.**

1.- Ratificación da urxencia.

CONTRATACIÓN

2.- Corrección de erros no acordo de declaración de emerxencia dos contratos necesarios para a adoptar medidas relacionadas coa crise xerada polo COVID-19. Expte. 6350/241.

3.- Adxudicación do contrato de servizo de axencia de publicidade para a creación e difusión publicitaria dunha campaña de comunicación/información da situación xerada pola crise covid19 por tramitación de emerxencia. Expte. 17987/101.

4.- Acordo de imposibilidade de prestación do servizo do transporte urbano colectivo de viaxeiros, polo COVID-19, nos termos previstos no prego e de fixación da porcentaxe de prestación do servizo. Expte. 3047/449.

**DECRETO DE CONVOCATORIA**

Examinada a relación de asuntos precedentes correspondentes aos expedientes para a súa inclusión na orde do día, convoco á Xunta de Goberno Local para realizar sesión extraordinaria e urxente no Salón de plenos o día **24 de marzo de 2020, ás 15,00 h.** en primeira convocatoria e, de non existir quórum, unha hora despois en segunda convocatoria, para resolver os asuntos da devandita relación.

Notifíquese aos Sres. e Sras. membros da Xunta de Goberno Local; á titular da Asesoría Xurídica, ao interventor xeral, á Secretaria do Goberno e aos demais membros do grupo político municipal do PSdeG-PSOE. Fágase público no taboleiro da Casa do Concello para os efectos de información.

CCA/me.

Vigo, na data da sinatura dixital.

A CONCELLEIRA SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,  
Yolanda Aguiar Castro

O ALCALDE,  
Abel Caballero Álvarez